



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 3 de maio de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

25.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR, DUN APARCADOIRO SOTERRADO E DUN PROXECTO CONXUNTO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 5036/440.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta do 26/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, de SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A. por por non



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/05/2018 08:48

Páxina 1 de 4

Expediente 5036/440

CSV: 28EE4-8DBED-B4EDC-2EE88

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

superar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 10 de abril de 2018:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
2. UTE GALAICONTROL, S.L.-HERMOSO & HEIMANNSELD ARQUITECTOS,S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PEDRO DE LA PUENTE CRESPO	89,88
2	UTE TYPESA - MC2 - SOLTEC INGENIEROS, S.L.	82,75
3	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	79,59

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.113,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, o día 12 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida os días 19 e 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/05/2018 08:48

Páxina 2 de 4

Expediente 5036/440

CSV: 28EE4-8DBED-B4EDC-2EE88

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 20 de marzo e 10 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PEDRO DE LA PUENTE CRESPO o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) por un importe total de 683.291,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 118.587,77 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/05/2018 08:48

Páxina 3 de 4

Expediente 5036/440

CSV: 28EE4-8DBED-B4EDC-2EE88

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/05/2018 08:48	Páxina 4 de 4
Expediente 5036/440	CSV: 28EE4-8DBED-B4EDC-2EE88	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		